DR. DOMINGO GARCIA-SABELL
C/ DR. TEIJEIRO, 11
TELÉFONO 1330

SANTIAGO, 26-II-1962.

Sr. D.
Luis Seoane.
Buenos Aires.

Querido Luis: A tua carta conmoveume fondamente. Tes a mellor das memorias, a memoria entrañabel. Ei sé se esprica isa fermosa lembranza da nosa mocedade que trabe no teu esprito a música de Debussy e a figura esvaída de miña nai.

¡Si souperas deica qué punto a morte de miña nai revolveu en min todolos pousos da miña ialma! Habería que falar moito diste sucedo. Da serea enerxía con que afrontou o pasamento, da leición que a todos nos donou ca sua derradeira dignidade human, da sua elegante conformidade, ¡qué sei eu!

E de pronto, apareces ti e falas da nosa xuventude, das xuntanzas en Xelmírez, da tertulia no Suizo. Agroma en min unha época de ledicia i esperanza. Ledicia porque o mundo i a nosa Galicia — a tua e a miña — andaban farturentas de vida. Esperanza porque os rapaces matinábamos — os rapaces coma ti e coma eu — en ampriar e fecundar isa vida. Tiñamos sensibilidade, concencia dos probremas da terra — que son os do pobo — i unha moi concreta arela de xustiza. Xustiza en todo. Na cultura e no que non é a cultura — si hai algo que nono teña. En fin, o tempo foi pasando. Ti convertichete nun gran pintor. Eu, nun médico metido no seu burato. Pro os dos seguimos sendo novos. Porque seguimos creendo nas mesmas cou-

sas. E porque sabemos, con saber que se non formulen as palabras, que a nosa mocedade non está perdida de todo.

Unha forte, unha conmovida aperta de,

Domingo.

Apertas tamén de Elena e miñas pra Maruja.